




Frankenstein

Mary W. Shelley-Severino Calleja



Nesta concisa versión do clásico de Mary Shelley Frankenstein do novo Prometeo destacan las ilustraciones de Tha, quen a través dunha pa de cores frías y do trazo rápido da plumiña consegue construír unha atmosfera envolvente cargada de misterio. Lectura rápida e trepidante.

Xunto ás doses de misterio explora interesantes problemas éticos. Ademais, pode servirille aos mozos lectores como un abrefame o unha invitación para achegarse á obra orixinal ou aproximarse ao xénero da novela gótica.

Ed. La Galera. Colección Pequeños Universales



El inventor de juegos

Pablo de Santis

Un neno esperta a súa paixón polos xogos e inventa un que envía a un estraño concurso, pero... Que ocorre se a súa propia vida se converte no xogo que deseñou? Unha fantástica aventura!

Ed. Libros Libres. Colección Mythica

A sombra descalza



Ana Alfada

A historia xira arredor da descuberta dun gran segredo, deses que fican na memoria familiar durante anos agardando a que alguén teña a valentía de desvelalo para que deixe de ser unha pesada carga.

Ed. Xerais. Colección Fora de Xogo



Ela atopa un nome

Manuel Lourenzo González

Se queredes coñecer polo miúdo todas as aventuras que vive esta rapaza non dubidedes en mergullarvos neste libro.

Ed. Edelvives. Colección Catavento



Outras recomendacións:

- ✓ **El bosque de piedra.** Fernando Alonso Alonso. Editorial Planeta-Oxford
- ✓ **A pedra de seixo.** María Canosa Blanco. Ed. Sotelo Blanco
- ✓ **Bala perdida.** Manuel Rivas. Alfaguara.
- ✓ **Otto y el secreto de los ladrones diminutos.** Charlotte Haptie. Ediciones B
- ✓ **Cos pés no aire.** Agustín Fdez Paz. Xerais

Máis recomendacións:

La casa de la colina negra. José Antonio Cotrina
Editorial Alfaguara. Colección Juvenil

Un día, un berro pavoroso estremece a casa da Colina Negra desde os alicerces ata o faiado. É o anuncio de que o tempo do terror, o tempo dos pesadelos está petando á porta...

El mar de los trolls. Nancy Farmer
Editorial Destino

Tensión, acción, maxia e valor labran as accións de Jack, o mozo saxón, que xunto a súa irmá Lucy, verase obrigado a embarcarse como escravo na nave vikinga que saqueou a súa aldea. A partir deste momento vivirá un sinfín de arriscadas aventuras.



Sabede que vós tamén podedes acceder á nosa biblioteca. Dícidelle ao voso fillo ou filla que vos faga o carné de usuario e poderedes compartir con eles o pracer da lectura.

¡Felices libros!



Biblioteca IES "As Mariñas"

No Nadal: un libro

O agasallo dun libro, ademais de obsequio, é un delicado eloxio.